



INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS

1. HORARIO LECTIVO E DE ATENCIÓN AOS PAIS

O horario de clases será de 9 a 14 horas, excepto o previsto no Período de adaptación para os alumnos de 4º curso de educación infantil. O horario de atención a nais e pais por parte do profesorado será os martes de 16 a 17 horas, previa petición do/a pai/nai ou convocatoria do/a profesor/a. Neste mesmo horario atenderá o Equipo Directivo a quen así o solicite.

2. ORGANIZACIÓN DAS ENTRADAS E SAÍDAS NO CENTRO

Ás 8,55 abrírase o portal de entrada do centro e os alumnos accederán as aulas onde estará o profesorado que lles impartirá clase a primeira hora. Ás 9 iníciase as clases permanecendo o portal de entrada aberto uns minutos de cortesía ata as 9,05, hora na que se pechará para non interromper o normal inicio da actividade lectiva. Quen vaia chegar despois desa hora deberá advertilo previamente ou xustificar debidamente o motivo do retraso, en caso contrario non se poderá acceder á aula ata as 9,55, hora de inicio da segunda clase. Quen chegue con retraso ao centro deberá cubrir e asinar un xustificante do que hai un modelo na conserxería do centro.

Pídese aos pais que deixen os fillos na entrada do centro e non accedan ao interior nin permanezan nos pasillos para non interromper o normal inicio das clases.

Á hora de saída o portal de entrada ao centro abrírase ás 13,55. As nais e pais de alumnos de educación infantil deberán estar uns minutos antes para así recoller aos fillos no momento no que se achegan á porta. Aqueles pais ou titores que no poidan vir a recoller aos seus fillos deberán autorizar debidamente á persoa ou persoas que vaian a recollelos. Non son válidas as autorizacións de cursos pasados e as mesmas deberán actualizarse en modelo que se facilitará desde o centro.

3. CAMBIOS DE DOMICILIO, TELÉFONO, FALTAS DE ASISTENCIA...

Débense comunicar aos profesores titores dos seus fillos os **cambios de domicilio e/ou teléfono**. Tamén se deberá comunicar calquera circunstancia médica ou de saúde que se produza e poida afectar ao desenvolvemento do neno/a na escola. As faltas de asistencia deberanse comunicar ao centro para poder avisar ao profesorado, ademais deberanse xustificar ante o profesor/a titor/a.

5. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares organizadas pola ANPA e o Concello de Sada iníciaranse no mes de outubro. A ANPA informa da oferta de actividades nunha circular ás familias que remite no día de hoxe.

Para as actividades organizadas polo Concello de Sada, Sada Educa 2015-2016, dispoñen da información e instancia de inscrición na oferta de actividades no seguinte enderezo da web do Concello:

<http://concellodesada.com/es/ayuntamiento-es/educacion,-juventud-y-salud/305-sada-educa-es/4672-sada-educa-2015-2016.html>

As familias dos alumnos que non utilizan o servizo de comedor escolar, e asistan á actividades extraescolares no colechio, deberán traelos ás 16:00 horas e entregalos ao monitor ou monitora na entrada do centro, non estando permitido o acceso ao patio nin as dependencias do colechio.

As familias deberán recoller puntualmente aos seus fillos ao remate das actividades extraescolares, que lles serán entregados polo monitor ou monitora das mesmas.

6. SERVICIO DE COMEDOR ESCOLAR E ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Os alumnos usuarios de comedor sairán ás 14 horas para Mosteirón e estarán de volta **ás 15:45. Pídese ás familias que extremen a puntualidade**. Para facilitar a entrega dos alumnos ás súas familias e organizar o inicio das actividades extraescolares das tardes deberase seguir o seguinte procedemento:

1. As familias dos alumnos que non vaian a participar en actividades extraescolares no centro deberán recoller aos seus fillos ás 15:45 horas. Recollerán aos alumnos na entrada do centro. Non está permitido o acceso ao patio nin as dependencias do colexio.

2. Os alumnos usuarios de comedor que vaian participar en actividades extraescolares no centro serán entregados aos monitores das mesmas polas persoas colaboradoras do servizo de comedor.

As familias deberán recoller puntualmente aos seus fillos ao remate das actividades extraescolares, que lles serán entregados polo monitor ou monitora da mesma.

Impreso de Autodeclaración. Lémbrese ás familias dos alumnos admitidos no servizo de comedor que deberán entregar debidamente cuberto o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos. O modelo-impreso facilítase no centro ou pódese descargar desta páxina web:

<http://www.edu.xunta.es/centros/ceipsada/node/407>

AXUDAS PARA ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR PARA ALUMNADO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

A información da convocatoria das axudas para adquisición de material escolar para alumnos de educación primaria e o impreso de solicitude (Anexo I) pódese consultar e descargar no seguinte enderezo:

<http://www.edu.xunta.es/portal/node/16843>

A Orde convocatoria atópase no taboleiro de anuncios do centro e facilítanse impresos de solicitude na conserxería. O prazo de presentación das solicitudes remata o 1 de outubro de 2015 e as axudas van dirixidas ás familias cunha renda per cápita familiar igual ou inferior a 5.400 euros.

AXUDAS DO CONCELLO DE SADA

Convocatoria e impreso de solicitude:

<http://concellodesada.com/es/ayuntamiento-es/educacion,-juventud-y-salud/409-ayudas-2015-2016.html>

Sada a 10 de setembro de 2015.



O DIRECTOR

Asdo. Miguel Gayoso Barreiro

	XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E O. U. C.E.I.P. Sada y sus Contornos Sada - A Coruña
Data:	10 setembro 2015
Número:	4
S A Í D A	